



NA NÓMINA DE NOVEMBRO TEMOS UNHA SUBA SALARIAL DO 0,5 %, RETROACTIVA DESDE XANEIRO

O acordo retributivo asinado por CCOO segue aportando incrementos salariais ao profesorado galego. CCOO continúa demostrando a súa utilidade.

O vindeiro mes de novembro, a nómina do profesorado galego incrementarase nun 0'5 %, froito do Acordo Marco para unha Administración do século XXI, asinado por CCOO e UGT na Mesa Xeral das administracións públicas. O IPCA dende o 2022 foi superior ao 6 %, cumpríndose a primeira variable acordada, co que teremos este novo incremento, que será retroactivo dende o mes de xaneiro de 2023.

Ademais, tamén é posible un novo incremento para este 2023, pese a que se cobraría nos primeiros meses de 2024. Trátase dunha nova suba do 0'5 %, tamén retroactiva desde xaneiro de 2023, se o crecemento do PIB español deste ano chega ao 2'1 %. Unha cifra que se pode alcanzar segundo as últimas previsións de varias entidades, como a OCDE, a AIREF ou o Banco de España, entre outros. Cando se produza esta situación, o incremento retributivo en 2024 acadará o 3,5 % que anunciamos cando asinamos o acordo mentres outras organizacións dicían que estabamos a mintir.

Non podemos esquecer tampouco os incrementos previstos para o 2024. A inestabilidade política podería levar a unha prórroga orzamentaria e, polo tanto, á conxelación salarial. Pero grazas ao noso acordo teremos un incremento garantido do 2 %, máis outro 0'5 % en outubro de 2024, se non recuperamos poder adquisitivo nestes tres anos.

Tal e como se amosa na seguinte táboa, os incrementos salariais por colectivos na nómina do mes de novembro serán os seguintes, que se sumarán cos que xa cobramos desde xaneiro:

Incremento salarial na nómina do mes de novembro

Colectivo / sexenios	0	1	2	3	4	5
Mestres/as	11,94 €	12,67 €	13,50 €	14,47 €	15,69 €	16,32 €
PESSFP (*)	12,56 €	13,29 €	14,12 €	15,10 €	16,31 €	16,95 €
PES / PTFP	13,42 €	14,24 €	15,16 €	16,22 €	17,52 €	18,25 €
Catedráticos/as	14,36 €	15,18 €	16,10 €	17,16 €	18,46 €	19,19 €

() Profesorado especialista en sectores singulares da formación profesional.*

A cantidade a cobrar na nómina deste mes de novembro será a correspondente á táboa anterior por colectivo máis os atrasos correspondentes desde xaneiro a outubro, polo carácter retroactivo desta revisión, que se poden observar na táboa da páxina seguinte:





Atrasos desde xaneiro ata outubro, a cobrar na nómina de novembro

Colectivo / sexenios	0	1	2	3	4	5
Mestres/as	129,85 €	137,80 €	146,82 €	157,41 €	170,67 €	177,56 €
PESSFP (*)	136,70 €	144,66 €	153,67 €	164,28 €	177,52 €	184,42 €
PES / PTFP	145,16 €	154,02 €	163,94 €	175,44 €	189,59 €	197,40 €
Catedráticos/as	155,50 €	164,36 €	174,28 €	185,79 €	199,94 €	207,74 €

Unha vez aplicada a nova suba, as retribucións mensuais quedarán do seguinte xeito:

Retribucións mensuais

Concepto	Grupo A2				Grupo A1			
	Mestres/as (nivel 21)		PESSFP (nivel 24) (*)		Secundaria (nivel 24)		Catedrático/a (nivel 26)	
	Paga ordinaria	Paga extra	Paga ordinaria	Paga extra	Paga ordinaria	Paga extra	Paga ordinaria	Paga extra
Soldo base	1119,42 €	816,41 €	1119,42 €	816,41 €	1294,60 €	798,88 €	1294,60 €	798,88 €
C. destino	552,57 €	552,57 €	680,45 €	680,45 €	680,45 €	680,45 €	815,04 €	815,04 €
C. específico	727,24 €	727,24 €	727,24 €	727,24 €	727,24 €	727,24 €	785,59 €	785,59 €
Titoría e outras funcións docentes	50,93 €	50,93 €	50,93 €	50,93 €	50,93 €	50,93 €	50,93 €	50,93 €
TOTAL	2450,15 €	2147,15 €	2578,03 €	2275,03 €	2753,21 €	2257,49 €	2946,16 €	2450,44 €
Trienios	40,64 €	29,63 €	40,64 €	29,63 €	49,83 €	30,76 €	49,83 €	30,76 €
IPC galego	0,3784 % das retribucións brutas							

No cadro da esquerda pódese observar como quedan os sexenios e, no da dereita, recórdase como son os incrementos pactados no Acordo Marco para unha Administración do século XXI:

Sexenios					Acordo			
Primeiro	Segundo	Terceiro	Cuarto	Quinto	2022	2023	2024	Total
69,12 €	88,87 €	118,51 €	167,86 €	49,36 €	3,5 %	2,5 % + 1 % (*)	2 % + 0,5 % (**)	8 % + 1,5 %

(*) 0,5 % variable IPC e 0,5 % variable PIB.
(**) 0,5 % variable IPC.

Fronte a outro tipo de sindicalismo que, dende o todo ou nada, non consegue resultados, as CCOO continuamos apostando polo sindicalismo útil para a xente. As CCOO continuamos apostando, como desde as nosas orixes, por un sindicalismo rigoroso e para o conxunto da clase traballadora, presente en todos os ámbitos nos que se negocian as nosas condicións laborais.

CCOO é o primeiro sindicato na Función Pública, ao contar co apoio dun 36,6 % do persoal público e ter cinco representantes na Mesa Xeral de negociación das Administracións Públicas, fronte ao 34,8 % de UGT (cinco representantes), 22,2 % de CSIF (tres), 2,8 % de CIG (un) e 3,6 % de ELA (un).

